

Autores e autoras: Miguel, Enma, Miranda, Uxía, Gisela,  
Andrés, Carla, Noelia, Miguel, Nicolás, Inés, Noa, Saray,  
Thiago, Rosalía.

Fotografías: Familias dos autores e autoras.

Edición: Mestra.



Editorial Trasnó Trouleiro

Este é un libro interactivo, para poder ver os vídeos asociados debemos descarga a aplicación gratuita HPRReveal nun dispositivo intelixente e seguir a canle "aramonprie". Aquelas imaxes que leven o vídeo asociado terán o seguinte símbolo na esquina superior da páxina.



# A AUGA



Fotografía: Familia de Inés



# QUERES SABER COMO SE FIXO ESTE LIBRO?

Descubre con HPRReveal o proceso de elaboración por parte das nenas e nenos de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria do ano 2018/2019.



Fotografía: Familia de Uxía

# ÍNDICE


1. QUE É A AUGA? \_\_\_\_\_ páx.6
2. USOS E IMPORTANCIA DA AUGA \_\_páx.8
3. SERES VIVOS DA AUGA \_\_\_\_\_ páx.10
4. ACTIVIDADES NA AUGA \_\_\_\_\_páx.13
6. CONTAMINACIÓN NA AUGA \_\_\_\_\_páx.18

# QUE É A AUGA?

A auga está composta de moléculas. Unha molécula de auga ten dous átomos de hidróxeno e un átomo de osíxeno.



Fotografía: Familia de Uxia



Fotografía: Familia de Noa

Existen tres estados principais da auga:

- Sólido**: é o que coñecemos como xeo.
- Líquido**: é o que coñecemos como a auga que bebemos.
- Gasoso**: é o que coñecemos como vapor de auga.

Cando a auga pasa dun estado a outro chamámoslle da seguinte forma:

- Fusión: é o paso de estado sólido a estado líquido.
- Solidificación: é o paso de estado líquido a estado sólido.
- Ebullición: é o paso de estado líquido a estado gasoso.
- Condensación: é o paso de estado gasoso a estado líquido.
- Sublimación: é o paso de estado sólido a estado gasoso.



Fotografía: Familia de Nicolás

# USOS E IMPORTANCIA DA AUGA

O 70% do planeta Terra é auga. Principalmente podemos atopala de dous formas:

Auga doce: ríos, lagos,  
pantanos, etc.



Fotografía: Familia de Miguel Méndez

Auga salgada: mares e  
océanos.



Fotografía: Familia de Miguel Mateus




No noso planeta temos cinco grandes océanos: Pacífico, Atlántico, Índico, Ártico e Antártico.



Fotografía: Familia de Andrés

A auga adopta moitas formas distintas na natureza:

**ICEBERGS:** Son grandes montañas de xeo que se atopan no mar.



Fotografía: Familia de Noelia e Carla

**NUBES:** Son acumulacións de gotas de auga diminutas na atmósfera.

**TSUNAMIS:** Son enormes ondas no mar que adoitan producirse por un terremoto debaixo da auga.



Fotografía: Familia de Miguel Mateus

# SERES VIVOS DA AUGA

A auga é necesaria para todos os seres vivos. Un 70% do noso corpo é auga.

Hai moitos seres vivos que habitan na auga, tanto na doce como na salgada.




Fotografía: Familia de Saray

## Algas



Fotografía: Familia de Miguel Méndez

## Fungos



Fotografía: Familia de Saray

## Plantas



Fotografía: Familia de Nicolás

# Animais

Atopamos os vertebrados e os invertebrados:

## INVERTEBRADOS

- Esponxas.
- Cnidarios.
- Artrópodos.
- Moluscos.
- Equinodermos.



Fotografía: Familia de Carla e Noelia

Ás estrelas de mar rexeneran as súas extremidades.



Fotografía: Familia de Noelia e Carla

Os polvos teñen tres corazóns.

# VERTEBRADOS

Na auga hai, principalmente, PEIXES  
(que teñen branquias e escamas).



Fotografía: Familia de Noa

Na auga tamén viven vertebrados  
como os ANFIBIOS ou os REPTILES.



Fotografía: Familia de Miguel Méndez

Tamén hai MAMÍFEROS como as  
baleas ou os delfíns, que teñen pulmóns  
e saen á superficie a respirar.



Fotografía: Familia de Andrés

# ACTIVIDADES NA AUGA

## DEPORTES ACUÁTICOS

Hai moitos deportes que se practican na auga.

- Surf e windsurf.
- Vela.
- Remo.
- Piragüismo.
- Natación.
- Etc.



Fotografía: Familia de Miguel Méndez

Existen moitos OFICIOS relacionados coa auga:

- Mariscadoras e mariscadores.
- Percebeiros e percebeiras.
- Pescadores e pescadoras.



Fotografía: Familia de Carla e Noelia



Fotografía: Familia de Carla e Noelia

Os seres humanos utilizamos a auga para moitas das nosas actividades:

-MUÍÑOS: Utilizan a forza da auga para mover unhas pedras moi grandes que moen os grans (sobre todo de trigo e millo), logo se peneiran os grans xa machacados e así aparece a fariña. Esta serve para facer pan ao botarlle auga e levadura.



Fotografía: Familia de Gisela



Fotografía: Familia de Rosalía

-CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS: Considéranse a evolución dos muíños; utilizan a forza dun salto de auga dun río para xerar enerxía eléctrica. Trátase dunha enerxía non contaminante. Tamén existe a enerxía mareomotriz, que utiliza a enerxía que produce o mar.



Fotografía: Familia de Miguel Mateus



-BARCOS: Os barcos son grandes estruturas que poden flotar porque son menos densos que a auga. Son unha das formas máis antigas coas que os humanos viaxan polo mar. Antes utilizaban embarcacións máis antigas como os drakkar (barcos que utilizaba o pobo vikingo) que se impulsaban co vento. Hoxe en día usamos barcos máis modernos, como o Titanic, que afundiou no ano 1912 porque bateu contra un iceberg.



Fotografía: Familia de Uxía

# CONTAMINACIÓN DA AUGA

Existen dous tipos de lixo:

- BIODEGRADABLE: é o lixo que se desfai facilmente co tempo e non contamina o medio natural, como as mondas de froita.
- NON BIODEGRADABLE: é o lixo que tarda moitos anos en desfacerse e contaminan o medio natural, como os plásticos.



Actualmente hai moito lixo non biodegradable no mar e nas praias. Os plásticos acumúlanse na auga e forman ILLAS DE LIXO e os animais morren. No oceano Pacífico hai unha illa de plástico mais grande que España.



Para contribuir a coidar o noso medio natural podemos utilizar a  
**REGRA DOS TRES ERRES**

**-Reciclar:** é empregar os residuos para facer cousas novas.

**-Reutilizar:** é volver a darlle un uso aos residuos.

**-Reducir:** consiste en producir menos residuos.



Aforrar enerxía axuda a protexer o medio natural, ademais debemos reducir os residuos que producimos, e reutilizar e facilitar a reciclaxe.



Fotografía: Familia de Miguel Méndez



Fotografía: Familia de Noelia e Carla